



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## ÁREA DE MATEMÁTICAS

### Sexto Educación Primaria

## Área de Matemáticas

### Disciplina troncal

1) Introducción e contextualización.....	3
2) Contribución ao desenvolvemento das competencias clave .....	7
3) Concreción dos obxectivos para o curso.....	13
4) Concreción para cada estándar de aprendizaxe.....	14
5) Concrecións metodolóxicas.....	30
6) Materiais e recursos didácticos.....	32
7) Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado. ....	33
8) Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. ....	35
9) Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	38
10) Medidas de atención á diversidade.....	39
11) Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso .....	40
12) Actividades complementarias e extraescolares programadas.....	41
13) Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións.....	42
14) Adaptación á situación actual .....	44

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1 INTRODUCCIÓN

Esta programación fai referencia ao currículo de Primaria para Galicia (**Decreto 105/2014**, do 4 de setembro). Os puntos que se recollen na mesma son os que aparecen como mínimos na Resolución 15 xullo 2016 (DOG 1 agosto), a excepción dos apartado i) e j) por ser específicos para a ESO.

Segundo este DCB a programación é un proxecto de intervención educativo, deseñado para un grupo concreto, que ten como referencia ao propio grupo e ao Proxecto Curricular establecido para todo o centro.

A necesidade de deseñar unha programación está xustificada porque nos axuda a eliminar o azar, evita perdas de tempo e permite adaptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais do contexto.

A programación é un proceso continuo, polo que debe ser aberta e flexible para poder modificar os seus elementos e ademais debe ser axeitada ao alumnado e debe concretar o plan de actuación que se ten que levar a cabo na aula.

Entre as súas funcións podemos destacar:

- Planificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Asegurar a coherencia entre as intencións educativas do centro e a práctica docente.
- Promover a reflexión sobre a práctica docente.
- Facilitar a progresiva implicación dos alumnos no seu propio proceso de aprendizaxe.
- Atender á diversidade de intereses, motivacións e características do alumnado.

Neste curso, engádense dous novos apartados referidos ás Instrucións do 30 de xullo de 2020 para o curso 2020-2021 e ao Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19:

- Apartado 1.3., onde se contempla a situación provocada polo covid-19 e faise referencia ás aprendizaxes imprescindibles que non foron acadadas.
- Apartado 14, para concretar a actuación a levar a cabo nos tres posible escenarios: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

## 1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

### ▪Características do centro e o seu contorno.

➤ O CPI San Sadurniño está situado na localidade do mesmo nome e ubicado nun contorno maioritariamente rural. No presente curso 2020-2021 conta con tres unidades de Educación Infantil, dez unidades de Educación Primaria e oito unidades de Educación Secundaria Obrigatoria. Ten unha xornada mixta con tres sesións exclusivamente de mañá e dúas tamén con sesión de tarde.

➤ O centro divídese en dous edificios fisicamente separados. O máis antigo, de principio dos anos 70, da cabida ao alumnado de infantil e primaria. Nas nosas aulas dispoñemos de medios tecnolóxicos, creamos recursos que compartimos na rede, promovemos o uso do noso idioma, fomentamos o respecto á natureza, establecemos lazos de solidariedade entre os membros da comunidade e de fóra dela, somos respectuosos con outras culturas, normalizamos e dinamizamos o noso idioma, valoramos as diferencias dentro dun trato equitativo, entendemos a diversidade como riqueza... Pero non todo é perfecto, hai eivas no centro que pasan pola escaseza de profesorado (sobre todo a segunda especialista de Lingua Inglesa a tempo completo), esgotadoras esixencias burocráticas que minguan o traballo educativo, nalgúns casos falla de apoio dende as familias...

➤ O centro educativo, tal e como reflicten os seus documentos, aposta definitivamente por varios eixos de traballo que se artellan ao redor do **Equipo da Biblioteca**, do **Equipo de Normalización Lingüística** e da **promoción das TIC**, así como a promoción da lectura, a alfabetización en información, o compromiso ambiental, os hábitos saudables, o intento de dotación en medios técnicos suficientes, a creación de recursos innovadores na nosa lingua, o coñecemento respecto e valoración do noso patrimonio cultural e o desenvolvemento dun espírito crítico, colaborativo e solidario son o cerne das actividades que se desenvolven dentro e fóra das nosas aulas.

➤ Outro dos proxectos que se leva a cabo neste curso de primaria é o **Proxecto LÓVA**, que se leva desenvolvendo con gran éxito no centro xa por oitavo curso consecutivo sendo o noso colexio pioneiro en Galicia e convertíndose no centro de referencia para o desenvolvemento deste proxecto, que foi elixido un dos dous mellores proxectos de innovación pola Unión Europea. O proxecto ten cabida en infantil, primaria e secundaria, e constitúe un dos nosos eixes integrador e de traballo colaborativo. Neste curso levarase a cabo na aula de 6º no primeiro trimestre, como remate do curso pasado e como Pre-LOVA nas dúas aulas de quinto de primaria.

➤ O alumnado de 5º e 6º de primaria, así como o de 1º e 2º da ESO, continúa a participación no **Proxecto EDIXGAL**, como continuación do antigo proxecto ABALAR, consistente na incorporación dos libros electrónicos nas aulas. Sería desexable que se axilizasen os trámites para que dende o primeiro día de clase se puidesen repartir xa os ordenadores, para contrarrestar así as acertadas críticas que nos transmiten as familias nas reunións.

➤ En resumo o CPI San Sadurniño ten como obxectivo fundamental promover o **desenvolvemento integral** do seu alumnado, fomentando valores solidarios, de respecto e coidado do contorno natural e cultural, fomentando o traballo en equipo, colaborativo, no que se respecten as diferencias de cada quen.

## ▪Comunidade educativa.

- **Persoal docente na EP:** 4 mestras de EI (1 delas de apoio e secretaria do centro), 10 mestres titores de EP (6 definitivos no centro e 1 da especialidade de lingua francesa), 2 mestras de AL (1 comparte centro), 2 mestras de Lingua Inglesa, 1 mestra de PT, 1 mestra de Educación Musical (Xefa de Estudos), 1 mestre de EF e 1 mestra de Relixión Católica (comparte centro).
- **Persoal non docente:** administrativa, conserxe, persoal de comedor e persoal de limpeza, que realizará tamén a súa labor en horario de mañá para reforzar a limpeza no centro.
- **As familias e a ANPA:** constitúen unha parte esencial dentro do proceso de ensino – aprendizaxe do alumnado, por iso é importante que exista unha boa relación entre familia e escola. Cada titor/a de EI e EP conta cunha hora de atención ás familias, fixada na tarde dos martes ou xoves. A preocupación dos pais/nais pola traxectoria educativa dos seus fillos/as é aceptable, e sempre hai familias involucradas no proceso educativo dos seus fillos/as dun xeito activo en cada momento. Este curso, tal e como establece o protocolo da Xunta deberá facerse, preferentemente, por teléfono ou videoconferencia.

## ▪Profesorado de sexto de Primaria.

- Titora: Lidia Lago Martínez
- Educación Musical: Ana M<sup>a</sup> Vázquez Rico
- Educación Física: Iván Montes Martínez
- Lingua Inglesa e Plástica (Sección bilingüe): M<sup>a</sup> del Mar López Somoza
- Pedagogía Terapéutica, M<sup>a</sup> Carmen Vázquez López
- Audición e Liguaxe: Inés Veiga Fernández
- Orientadora: María Jesús Díaz Rodríguez
- Relixión: Manuela M<sup>a</sup> Filgueira Rico

### 1.3 SITUACIÓN PROVOCADA POLO COVID-19.

Tendo en conta as “Instrucións do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato”, analizáronse as aprendizaxes imprescindibles non acadadas o pasado curso, que, de xeito resumido, dentro da área de Matemáticas son as seguintes:

- Múltiplos e divisores dos números.
- Cálculo do mcm e mcd.
- Unidades de medida: lonxitude, capacidade, masa e superficie.
- Sistema sexagesimal: o ángulo.
- Xeometría (todos os estándares de aprendizaxe e contidos segundo aparecen na programación).

Para a súa adquisición ou consolidación optaremos por ir incluíndoas dentro de cada un dos temas que son obxecto de traballo ao longo do curso, comezando polos temas de unidades de medida e xeometría, por ser estes onde nos quedamos o pasado curso. Así, en lugar de comezar do xeito establecido para o 6º nivel de primaria, comezaremos por ir repasando e abordando os contidos que quedaron pendentes no 5º nivel de primaria.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo se recollen no artigo 5, as competencias clave que debemos desenvolver son:

1. Comunicación lingüística (**CCL**)
- 2.- Matemática e ciencia e tecnoloxía (**CMCT**)
- 3.- Dixital (**CD**)
- 4.- Aprender a aprender (**CAA**)
- 5.- Sociais e cívicas (**CSC**)
- 6.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**)
- 7.- Conciencia e expresións culturais (**CCEC**)

Analizando a área de Matemáticas, a súa contribución especial ao desenvolvemento das competencias clave, sería a que segue:

<b>CCL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>●LCB1.1.3. escoita atentamente as intervencións dos compañeiros e segue as estratexias e normas para o intercambio comunicativo mostrando respecto e consideración polas ideas, sentimentos e emocións dos e das demais.</li><li>●LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: debates e diálogos.</li><li>●Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.</li><li>●LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.</li><li>●LCB2.5.4. Realiza inferencias e formula hipóteses.</li><li>●LCB1.1.1. Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).</li><li>●LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e</li></ul>
------------	--

	<p>repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>●MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.</li> <li>●MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.</li> <li>●CSB1.3.1. Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados</li> </ul>
<b>CMCT</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.</li> <li>●MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.</li> <li>●MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</li> <li>●MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</li> <li>●MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.</li> <li>●MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</li> <li>●MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).</li> <li>●MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</li> <li>●MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas.</li> </ul>



	<ul style="list-style-type: none"> <li>●MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométrica.</li> <li>●LCB3.4.1. Elabora gráficas a partir de datos seleccionados e organizados procedentes de diferentes textos (libros de consulta, xornais e revistas).</li> <li>●CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.</li> <li>●CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.</li> <li>●CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.</li> <li>●MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</li> <li>●MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.</li> <li>●CSB3.7.3. Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.</li> </ul>
<b>CD</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●LGB1.2.2. Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións.</li> <li>●LGB2.8.3. Usa as bibliotecas virtuais, para obter datos e informacións, con autonomía.</li> <li>●LGB3.6.1. Utiliza recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.</li> <li>●LCB2.7.1. Consulta diferentes fontes bibliográficas e textos de soporte informático para obter datos e información para realizar traballos individuais ou en grupo.</li> <li>●LCB3.4.2. Presenta un informe de forma ordenada e clara, utilizando soporte papel e informático, sobre problemas ou situacións sinxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, Internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.</li> <li>●LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e</li> </ul>

buscar información, crear táboas e gráficas.

- LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
- PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
- PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).
- CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).
- CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.
- CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
- CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.
- CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
- CSB1.2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
- CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>●MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.</li> <li>●MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizandoa ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.</li> <li>●MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.</li> <li>●EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.</li> <li>●EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.</li> <li>●VSCB3.16.1. Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.</li> <li>●VSCB3.17.1. Realiza análise de información dixital sobre as razóns polas que as persoas senten a necesidade de consumir ao ver un anuncio publicitario.</li> <li>●EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.</li> <li>●EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza, e utilizando programas de presentación.</li> </ul>
<b>CAA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.</li> <li>●CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>●CSB1.10.1.Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.</li> <li>●CSB1.1.1.Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao</li> </ul>

	<p>proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>●LCB1.8.3. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe individual ou colectiva</li> <li>●LCB1.10.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.</li> <li>●EFB1.1.4 Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.</li> <li>●EPB1.1.2 Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes..</li> <li>●EPB2.5.4 Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.</li> </ul>
<b>CSC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●VSCB3.9.2. Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias..</li> <li>●EMB2.2.6. Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.</li> <li>●PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).</li> <li>●LGB1.12.2. Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.</li> <li>●CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>
<b>CSIEE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.</li> <li>●CSB1.9.1.Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.</li> <li>●CSB1.9.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> <li>●CSB1.10.2.Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.</li> <li>●CSB3 8.1.Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.</li> <li>●MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados</li> </ul>

	<p>e as conclusións obtidas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>●VSCB1.2.4. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</li> <li>●VSCB1.6.1. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.</li> <li>●VSCB3.5.2. Colabora en causas altruístas en colaboración coa comunidade educativa.</li> </ul>
<b>CCEC</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>●EFB 1.3.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.</li> <li>●EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.</li> <li>●EPB2.5.3. Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.</li> </ul>

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE

<b>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>				
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Grao mínimo de consecución</b>
•B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	•B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.	•MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen.	▪ Ao longo do curso.	▪ Fai unha predición de resultados.
•B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	•B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación.	•MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas.	▪ Ao longo do curso.	▪ Expón as fases dun proceso de investigación.
•B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	•B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel.	•MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais.	▪ Ao longo do curso.	▪ Busca argumentos que validen situacións a resolver.
•B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. •B1.3. Confiar nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo	•B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	•MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. •MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento	▪ Ao longo do curso. ▪ Ao longo do curso.	▪ Propón a resolución dun problema. ▪ Aplica estratexias de razoamento para resolver

científico.		(clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.		problemas.
•B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	•B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	•MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares.	▪ Ao longo do curso.	▪ Reflexiona sobre os problemas realizados.
		•MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.	▪ 3º trimestre	▪ Utiliza a calculadora para realizar cálculos.
B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	•B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	•MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.	▪ Ao longo do curso.	▪ Elabora unha presentación para explicar ao compañeiros da clase.



## BLOQUE 2. NÚMEROS

<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións.</li> <li>•B2.2. A numeración romana.</li> <li>•B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</li> <li>•B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.</li> <li>•B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</li> <li>•B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</li> <li>•B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas.</li> <li>•B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</li> <li>•B2.9. Os números decimais: valor de posición.</li> <li>•B2.10. Números positivos e negativos.</li> <li>•B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Escribe e ordena números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Interpreta a posición de cada una das cifras.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades,</li> </ul>				

<p>decenas, centenas etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo.</li> <li>•B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica.</li> <li>•B2.9. Os números decimais: valor de posición.</li> <li>•B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima.</li> <li>•B2.10. Números positivos e negativos.</li> <li>•B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares.</li> </ul>		<p>posición de cada unha das súas cifras.</p>		
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utiliza números negativos nunha gráfica de temperaturas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</li> <li>•B2.13. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</li> <li>•B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realiza operacións con fraccións do mesmo e de distinto denominador (suma, resta, multiplicación, división, obtención de fraccións equivalentes,...)</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Redondea cantidades ata as centésimas.</li> </ul>

		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ordena fraccións.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador.</li> <li>•B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación e calculadora).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplica os criterios de divisibilidade.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.18. Estimación de resultados.</li> <li>•B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</li> <li>•B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Establece equivalencias entre números.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ao longo do curso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estima un resultado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.</li> </ul>

<div data-bbox="91 92 568 742"> <p>divisibilidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división.</li> <li>•B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de base 10.</li> <li>•B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división.</li> <li>•B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.</li> <li>•B2.24. Operacións con fraccións.</li> <li>•B2.25. Operacións con números decimais.</li> <li>•B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="577 92 1016 742"> <p>estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado</p> </div>	<div data-bbox="1025 92 1429 432"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 92 1751 432"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 92 2078 432"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Suma e resta fraccións.</li> </ul> </div>
		<div data-bbox="1025 438 1429 576"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 438 1751 576"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 438 2078 576"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Realiza operacións con números decimais, redondea e estima.</li> </ul> </div>
		<div data-bbox="1025 582 1429 742"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 582 1751 742"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 582 2078 742"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aplica a xerarquía de operacións.</li> </ul> </div>
<div data-bbox="91 748 568 1331"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.</li> <li>•B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade.</li> <li>•B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes.</li> <li>•B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.</li> <li>•B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais.</li> <li>•B2.31. Proporcionalidade directa.</li> <li>•B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade.</li> <li>•B2.33. Resolución de problemas da</li> </ul> </div>	<div data-bbox="577 748 1016 951"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.7. Iniciarase no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1025 748 1429 951"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 748 1751 951"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 748 2078 951"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula porcentaxes.</li> </ul> </div>
	<div data-bbox="577 954 1016 1123"> </div>	<div data-bbox="1025 954 1429 1123"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 954 1751 1123"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 954 2078 1123"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Establece a correspondencia entre fracción-decimal-porcentaxe.</li> </ul> </div>
	<div data-bbox="577 1126 1016 1264"> </div>	<div data-bbox="1025 1126 1429 1264"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 1126 1751 1264"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 1126 2078 1264"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula aumentos porcentuais.</li> </ul> </div>
	<div data-bbox="577 1267 1016 1331"> </div>	<div data-bbox="1025 1267 1429 1331"> <ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.7.4. Usa a regra de tres</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1438 1267 1751 1331"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul> </div>	<div data-bbox="1760 1267 2078 1331"> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa a regra de tres en</li> </ul> </div>

<p>vida cotiá.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.</li> <li>•B2.18. Estimación de resultados.</li> <li>•B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.</li> <li>•B2.34. Automatización de algoritmos.</li> <li>•B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.</li> <li>•B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> <li>•B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes.</li> <li>•B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado.</li> <li>•B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100.</li> <li>•B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.</li> <li>•B2.41. Cálculo de tantos por cen</li> </ul>		<p>en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.</p>		<p>situacións de proporcionalidade directa.</p>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terceiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolve un problema aplicando a regra de tres.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo e terceiro trimestres.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Descompón un número.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Segundo trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100.</li> </ul>

<p>en situacións reais.</p> <p>•B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.</p> <p>•B2.43. Utilización da calculadora.</p> <p>•B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.</p> <p>•B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>		•MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd	▪ Segundo trimestre.	▪ Calcula o mcm e o mcd.
		•MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras.	▪ Terceiro trimestre.	▪ Descomón números atendendo ao valor das cifras.
		•MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais.	▪ Terceiro trimestre.	▪ Calcula tantos por cen en situacións reais.
		•MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.	▪ Terceiro trimestre.	▪ Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
	<p>•B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	•MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.	▪ Ao longo do curso.	▪ Resolve problemas que impliquen o dominio de contidos traballados, incluídas as táboas de multiplicación.
		MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e	▪ Ao longo do curso.	▪ Reflexiona sobre o procedemento de resolución de un problema

		interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.		
<b>BLOQUE 3. MEDIDA</b>				
<p>B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•B3.2. Realización de medicións.</li> <li>•B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.</li> </ul>	<p>B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables.</p>	<p>MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.</p>	- Primeiro trimestre.	- Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos.
		<p>•MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p>	- Primeiro trimestre.	- Mide con instrumentos elixindo a unidade adecuada.
<p>B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude.</p> <p>B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada.</p>	<p>B3.2. Operar con diferentes medidas</p>	<p>MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.</p>	- Primeiro trimestre.	- Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume e expresa o resultado en forma simple e complexa.

<p>B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.</p> <p>B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.</p>		<p>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p>	<p>▪ Primeiro trimestre.</p>	<p>▪ Expresa medicións de forma simple e complexa.</p>
		<p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>	<p>▪ Primeiro trimestre.</p>	<p>▪ Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados.</p> <p>B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p>	<p>•B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas.</p>	<p>•MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume.</p>	<p>▪ Primeiro trimestre.</p>	<p>▪ Coñece equivalencias entre capacidade e volume.</p>
		<p>•MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.</p>	<p>▪ Ao longo de todo o curso.</p>	<p>▪ Explica oralmente unha estratexia utilizada.</p>
		<p>•MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.</p>	<p>▪ Primeiro trimestre.</p>	<p>▪ Resolve problemas utilizando as unidades de medida.</p>
<p>•B3.10. O sistema sexagesimal.</p> <p>•B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos.</p>	<p>•B3.5. Coñecer o sistema sexagesimal para realizar cálculos con medidas angulares.</p>	<p>•MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.</p>	<p>▪ Primeiro trimestre.</p>	<p>▪ Resolve un problema con medidas angulares.</p>
<p>•B3.12. Resolución de problemas de medida.</p>	<p>•B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá</p>	<p>•MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución</p>	<p>▪ Ao longo do curso.</p>	<p>▪ Reflexiona sobre o proceso de resolución co que resolveu un problema.</p>



	<p>adequados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos</p> <p>axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no</p> <p>contexto e buscando outras formas de resolvelo.</p>		
--	---	--	--	--

## BLOQUE 4. XEOMETRÍA

<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias.</li> <li>•B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...</li> <li>•B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos.</li> <li>•B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.</li> </ul>	<p>•B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.</p>	<p>•MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.</p>	<p>▀ Primeiro trimestre.</p>	<p>▀ Representa rectas.</p>
		<p>•MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...</p>	<p>▀ Primeiro trimestre.</p>	<p>▀ Representa ángulos en diferentes posicións</p>
		<p>•MTB4.1.3. Describe posicións e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...</p>	<p>▀ Primeiro trimestre.</p>	<p>▀ Describe unha posición empregando coordenadas.</p>
		<p>•MTB4.1.4. Realiza escalas e gráficas sinxelas, para facer representacións elementais no espazo.</p>	<p>▀ Primeiro trimestre.</p>	<p>▀ Realiza un debuxo sinxelo a escala.</p>
		<p>•MTB4.1.5. Identifica en situacións moi sinxelas a</p>	<p>▀ Primeiro trimestre.</p>	<p>▀ Identifica figuras simétricas.</p>

		simetría do tipo axial e especcular.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.</li> <li>•B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.2 Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB4.2.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB4.2.2. Utiliza instrumentos de debuxo e ferramentas tecnolóxicas para a construción e exploración de formas xeométricas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Utiliza instrumentos de debuxo para facer un triángulo equilátero e un hexágono regular.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.5. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación.</li> <li>•B4.6. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.3. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Calcula o perímetro e a área dun rectángulo e un cadrado.</li> </ul>
		<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB4.3.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.7. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos.</li> <li>•B4.8. Concauidade e convexidade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•B4.4. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•MTB4.4.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Primeiro trimestre.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.</li> </ul>

<p>de figuras planas.</p> <p>•B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p>		<p>•MTB4.4.2. Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.</p>	<p>- Primeiro trimestre.</p>	<p>- Calcula perímetro e área da circunferencia e do círculo.</p>
<p>•B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.</p>	<p>•B4.5. Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.</p>	<p>•MTB4.5.1. Comprende e describe situacións da vida cotiá, e interpreta e elabora representacións espaciais (planos, esbozos de itinerarios, maquetas,...), utilizando as nocións xeométricas básicas (situación, movemento, paralelismo, perpendicularidade, escala, simetría, perímetro e superficie).</p>	<p>- Primeiro trimestre.</p>	<p>- Realiza un esbozo dun plano do cole</p>
<p>•B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.</p>	<p>•B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>•MTB4.6.1 Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia da súa utilización.</p>	<p>- Primeiro trimestre.</p>	<p>- Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados.</p>
		<p>•MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando</p>	<p>- Primeiro trimestre.</p>	<p>- Busca unha forma de resolución diferente para resolver o mesmo problema.</p>

		as solucións no contexto, propoñendo outras formas de resolvelo.		
<b>BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE</b>				
•B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.	•B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	•MTB5.1.1. Identifica datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares.	- Terceiro trimestre.	- Identifica e recolle datos cualitativos e cuantitativos en situacións familiares e utilízalos para construír táboas.
•B5.2. Construción de táboas de frecuencias absolutas e relativas. •B5.3. Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango. •B5.4. Realización e interpretación de gráficas sinxelas: diagramas de barras, poligonais e sectoriais. •B5.5. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.	•B5.2. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato.	•MTB5.2.1. Recolle e clasifica datos cualitativos e cuantitativos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.	- Terceiro trimestre.	- Recolle e clasifica datos do contorno para elaborar unha táboa.
		•MTB5.2.2. Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.	- Terceiro trimestre.	- Aplica a media aritmética para calcular a súa nota nas avaliacións.
		•MTB5.2.3. Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas. •MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.	- Terceiro trimestre.	- Realiza un diagrama de barras cos datos obtidos na estación meteorolóxica do centro.  - Analiza unha gráfica con datos da estación meteorolóxica.

<p>•B5.6. Carácter aleatorio dalgunhas experiencias</p>	<p>•B5.3. Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.</p>	<p>•MTB5.3.1. Identifica situacións de carácter aleatorio.</p>	<p>▪ Terceiro trimestre.</p>	<p>▪ Identifica situacións aleatorias con moedas e dados.</p>
	<p>•B5.4. Observar e constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.</p>	<p>•MTB5.4.1. Realiza conxecturas e estimacións sobre algún xogos (moedas, dados, cartas, loterías...)</p>	<p>▪ Terceiro trimestre.</p>	<p>▪ Realiza estimacións aleatorias cun dado.</p>
<p>•B5.7. Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.</p>	<p>•B5.5. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>•MTB5.5.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p>	<p>▪ Terceiro trimestre.</p>	<p>▪ Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade.</p>
		<p>•MTB5.5.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p>	<p>▪ Terceiro trimestre.</p>	<p>▪ Propón outras formas de resolución dun problema.</p>

**Procedementos e instrumentos de avaliación:**

- Cadernos e traballos escritos, rexistrándoo na axenda da mestra.
- Debates e presentación de traballos, con rexistro en vídeo gravación ou audio gravación .
- Probas escritas, en referencia aos estándares que se avalían (segundo os modelos que se facilitan dende EDIXGAL e os de elaboración propia)
- Mapas conceptuais, esquemas con rexistro na axenda da mestra.
- Formularios de google enviados ao correo electrónico.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

### Aspectos xerais

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.
- A metodoloxía será variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe.
- Será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Traballo por tarefas.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas. en contextos da vida real.
- desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

### Principios metodolóxicos

- Actividade e experimentación
- Participación
- Motivación.
- Persoalización.
- Inclusión.
- Interacción.
- Significatividade.
- Funcionalidade.
- Globalización.
- Avaliación formativa.

## **Agrupamentos**

- Tarefas individuais.
- Agrupamento flexible
- Parellas
- Pequeno grupo
- Gran grupo

## **Estratexias metodolóxicas**

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos.
- Comentarios de gráficos.
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).
- Simulacións.



## 6. MATERIAIS E RECURSOS

### **Materiais**

- Libro E-DIXGAL de Matemáticas da Editorial Aula Planeta.
- Cadernos de traballo
- Láminas de Matemáticas
- Actividades e exercicios de elaboración persoal.

### **Recursos dixitais**

- Enderezos de internet.
- Recursos online: liveworksheets, quizizz, educaplay...

### **Recursos do profesorado**

- Guía didáctica.
- Programación Didáctica de Aula por (PDA).
- Matemáticas: Fichas para o desenvolvemento da intelixencia; Manual de uso da calculadora; Operacións e problemas.

### **Recursos para a avaliación**

- Avaliación inicial.
- Probas de avaliación de contidos.
- Probas de avaliación por competencias.
- Sistema de rúbricas para a avaliación.

## 7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTOS DE AVALIACION	PORCENTAXE
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas na unidade	Avaliación de contidos: probas correspondentes á unidade. Probas de avaliación por competencias correspondentes á unidade Elemento de diagnóstico: rúbrica da cada unidade Probas tipo test	60 %
Análise e valoración das tarefas na clase Exposicións orais Debates e intervencións	Análise de producións: caderno, comentarios, etc. Realización correcta do traballo Presentación do traballo Elaboracións multimedia Documentos gráficos e visuais Observación directa Anotacións no rexistro do profesor	20 %
Análise e valoración das tarefas de casa: deberes e traballos específicos.	Análise das producións e traballos específicos	10 %
Valoración de actitudes na aula: -Escoita -Participación -Esforzo -Colaboración	Rexistros do profesor (de participación, actitude, atención,...)	10 %

Tal como sinala o artigo 12 do decreto 105/2014, a avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo dirixidas a garantir a adquisición das competencias.

## **Promoción do alumnado:**

Tal e como se recolle no artigo 13 do currículo de educación primaria para Galicia:

“1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.”

Ao finalizar cada un dos trimestres realizarase unha avaliación, onde se acordará a nota redondeando á centésima máis próxima: IN(1, 2 ,3 ou 4) / SU (5) / BE(6) / NT (7, 8) / SB (9, 10).

Será na terceira avaliación cando se tome a decisión pola promoción do alumnado.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Os docentes avalíamos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítenos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítenos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítenos, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un alumno individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos alumnos para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados.

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente adoptará as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

	MOI SATISFACTORIO	BASTANTE SATISFACTORIO	SUFICIENTE	POUCO SATISFACTORIO	NADA SATISFACTORIO
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.					
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.					
Adecuación dos obxectivos programados..					
Adecuación das estratexias de ensino/aprendizaxe aplicadas ao grupo.					
Adecuación da metodoloxía.					
Adecuación , idoneidade e suficiencia dos materiais empregados.					
Elaboración de materiais curriculares polo equipo docente.					
Grao de desenvolvemento das actividades propostas na Programación Docente					
Uso de recursos do centro.					
Uso das novas tecnoloxías					
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
Adecuación dos criterios de avaliación					
Grado de consecución dos obxectivos propostos aos alumnos/as.					
Grado de adquisición dos contidos mínimos.					

Grao de participación e implicación dos alumnos/as.					
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
Progreso dos alumnos con adaptacións curriculares.					
Progreso dos alumnos con actividades de ampliación.					
Progreso dos alumnos con actividades de reforzo.					
Grao de valoración da participación dos pais no proceso de aprendizaxe dos seus fillos.					
Grao de valoración da solicitude titorías por parte das familias .					
Grao de valoración da asistencia as reunións convocadas.					
Grao de valoración da organización da aula e do clima escolar					
Grao de valoración da interacción entre o alumnado.					
Grao de valoración de relación entre o profesorado e o alumnado					
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas					

Observacións e propostas de mellora:

## 9. AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS A ADOPTAR

### **Avaliación inicial.**

A avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro. Será realizada a través da observación e de diferentes actividades de E/A que permitan observar e comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado. As actividades poderán ser tanto escritas, como manipulativas ou orais. Dita avaliación inicial permitirá deseñar a programación de aula, partir do nivel do alumnado e adaptar o proceso ás necesidades individuais de cada alumno/a. Os aspectos relevantes serán rexistrados por escrito e informarse as familias.

### **Procedementos avaliación continua.**

A avaliación continua será inherente á propia práctica docente. As propias actividades de E/A permitirán ir regulando o proceso, xestionando erros e afianzando éxitos.

Ao final de cada unidade farase una avaliación de unidade empregando os instrumentos de avaliación sinalados no punto 7.

Para o alumnado que non supera a avaliación da unidade programaranse fichas con actividades de reforzo.

## 10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Dentro do artigo 15 atopamos

*“5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha **atención personalizada** en función das necesidades de cadaquén.*

*6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á **atención personalizada dos alumnos e das alumnas**, á realización de **diagnósticos precoces** e ao establecemento de **mecanismos de reforzo** para lograr o éxito escolar.*

*7. Os **mecanismos de reforzo**, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto **organizativos** como **curriculares**. Entre estas medidas poderán considerarse o **apoio no grupo ordinario**, os **agrupamentos flexibles** ou as **adaptacións do currículo**.*

Dentro da clase de 6º de Primaria hai 24 alumnos/as, onde se atopan dous alumnos/as que xa viñan recibindo apoio no centro dentro e fóra da aula por parte da mestra de PT. Un destes alumnos tamén ten apoio de AL. Reciben apoio por parte de PT dentro desta materia concreta, durante unha sesión semanal. Tamén aproveitan os momentos de lecer para acudir, nalgunha ocasión, a realizar algunha actividade si relacionada con esta área. A isto hai que sumar a incorporación na aula de 6º dun alumno que repite curso, que recibirá apoio tanto de PT como de AL.

O material da clase conta con fichas de reforzo e de ampliación que serán utilizadas sempre que se considere necesario.



## 11. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

<i>ELEMENTOS TRANSVERSAIS</i>	<i>CONCRECIÓN</i>
CL Comprensión lectora	En cada sesión. Fundamental o entendemento do que se le para poder expresalo despois e realizar as actividades.
EOE Expresión oral e escrita	En cada sesión. Expresar o entendemento do traballado.
CA Comunicación audiovisual	Ao longo de cada trimestre. Mediante a utilización de vídeo para reforzar en complementar os contidos.
TIC Tecnoloxías da información e da comunicación	Ao longo de cada trimestre. Para ver os contidos a traballar (EDIXGAL) e como medio de busca de información.
EMP Emprendemento	Ao longo de cada trimestre. Buscando maneiras de solucionar os problemas.
EC Educación cívica	En cada sesión. Tanto na clase como nas saídas amosando respecto polos outros.
PV Prevención da violencia	Ao longo de cada trimestre. Buscando unha solución pacífica de conflitos, sen discriminacións por razón de xénero ou racismo.
EV Educación e seguridade viaria	Ao longo de cada trimestre. Cando se realicen as actividades complementarias e extraescolares, e teñamos que saír do recinto escolar.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS**

Este curso vémonos, tal e como comeza, moi limitados para a realización destas actividades. As complementarias obrigaranos a ter o material preparado de maneira individual para cada un, xa que non o poden compartir. En canto ás extraescolares deberemos optar por visitas virtuais para o coñecemento de elementos do contorno.

### 13. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Esta programación considérase aberta e flexible, como elemento vivo dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se realiza na aula de 6º curso do CPI de San Sadurniño durante o curso 2020-2021.

Será susceptible de modificación en calquera momento do proceso para adaptarse ao ritmo de aprendizaxe do alumnado concreto que conforma o grupo clase, por ampliación ou redución de contidos.

Ao finalizar cada trimestre revisárase e avaliarase a propia programación cubrindo a táboa seguinte, na que o 1 indica o menor grao de cumprimento co ítem que representa.

REVISIÓN TRIMESTRAL E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	-		+	
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas temas proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
11. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
12. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
13. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
14. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				

15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
22. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

## 14. ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN ACTUAL

### 14.1 Escenarios posibles ao longo do curso

Ao longo deste curso, temos que contemplar, tal e como indican as instrucións do 30 de xullo, no punto terceiro do seu apartado 3, referido a programación, tres posibles escenarios:

#### Actividade lectiva presencial:

Continuarase a programación como se ven facendo de maneira habitual, tendo en conta os protocolos para esta situación que estamos a vivir e as medidas de hixiene sanitaria oportunas.

#### Actividade semipresencial

No suposto de actividade semipresencial, manteremos o contacto cos nenos e nenas a través das catro vías de comunicación das que dispoñemos no centro para 6º curso: EDIXGAL, correo @cpisansadurnino.org, aula virtual e servizo de videoconferencia ofertado pola Consellería. Por medio destas vías, faráselles chegar as tarefas que teñen que realizar, así como a corrección das mesmas e a resolución das dúbidas ou consultas que lles xurdan. En canto á avaliación dos contidos, terase en conta o traballo diario e a corrección das tarefas entregadas polo alumnado.

#### Actividade non presencial

Neste caso, temos varias vías de comunicación posible co alumnado:

1. **EDIXGAL.** Como teñen os libros incluídos dentro desta plataforma será utilizada tanto Online como Offline. Podemos tamén utilizala para ir incluíndo dentro dos seus temas actividades, vídeos, enlaces a páxinas web... Os propios libros posibilitan o envío e corrección de tarefas, así como actividades de autocorrección.
2. **CORREO @cpisansadurnino.org.** Resulta unha canle de comunicación co alumnado moi doada de utilizar. Sérvenos para trasladar comunicacións con eles, envío e recepción de tarefas, así como para aclarar dúbidas ou consultas.
3. **AULA VIRTUAL DO CENTRO.** Iniciamos ao alumnado no seu uso como canle de recepción e envío de tarefas, así como medio para onde poder consultar contidos e explicacións das materias. Todo o alumnado de 6º curso dispón do seu usuario e contrasinal para acceder ás materias do seu curso dispoñibles na aula virtual.

4. **VIDEOCONFERENCIAS.** No caso de actividade non presencial, empregaranse as plataformas de Webex e Falamos que nos proporciona a Xunta.

En canto á avaliación dos contidos, terase en conta o traballo diario e a corrección das tarefas entregadas polo alumnado. Estas consistirán na realización de actividades online, cuestionarios de google forms, pequenos traballos de investigación... A entrega das ditas tarefas será cunha frecuencia semanal, de xeito que, polo menos unha vez á semana teñan que enviar o traballo realizado e estar en contacto coa mestra. Ademais desta entrega semanal, o alumnado poderá consultar dúbidas ou preguntas diariamente a través das vías de comunicación dispoñibles, xa explicadas.

## **14.2 Metodoloxía en caso de ensino a distancia**

Dentro da consideración de programación aberta e flexible, especificamos a maneira de traballar en caso de ensino a distancia.

No mes de setembro, o alumnado de 6º de primaria, a través dos ordenadores EDIXGAL facilitados pola Xunta de Galicia, cada un fixo o seu rexistro en EVA EDIXGAL e cambiou o seu contrasinal. Aquí é onde eles irán consultando os seus libros, incluídos polas mestras de cada unha das materias, para o que colocaron dentro da favoritos, facilitando así o acceso á mesma.

As actividades programadas diariamente deberán ser reducidas, buscando unha secuencia semanal que se adapte ao ritmo que conleva o ensino na distancia, cos diferentes ritmos que pode levar cada alumno/a e os comentarios das tarefas fanse máis lentos, por ter que ser necesariamente realizados de maneira individual. A videoconferencia podería favorecer a corrección grupal, pero estamos condicionados ao seu bo funcionamento e a que o alumnado poida coincidir para conectarse. Para a corrección de actividades individuais, empregaremos tanto aula virtual do centro como o correo electrónico, onde o alumnado nos pode enviar as tarefas que vai realizando na súa casa. Neste senso, pediráselle ao alumnado que envíe as tarefas a entregar cunha frecuencia semanal, así como se atopan algunha dificultade ou problemas, a parte das dúbidas ou consultas que nos poden ir comentando diariamente.

## **14.3 Alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Ademais dos tres escenarios anteriores, temos que contemplar a situación na que o alumnado non poida conectarse por internet. Procuraremos que o alumnado que se vexa nesta situación teña descargados os temas do EDIXGAL na aplicación EVA Offline. Deste xeito, aínda sen conexión podería acceder aso mesmos. En caso de que non os teña, cabería a posibilidade de que acudan ao centro educativo a descargarlos ou ben facerlos chegar nós nun pendrive. Nesta situación, verémonos obrigadas a contar coa necesaria colaboración do concello ao que pertenza o alumnado concreto, para que lle sexa entregado tanto o material como as tarefas a realizar. Habería que entregarlle o material e, no caso de poder acudir o profesorado ao centro, utilizar o teléfono para ir comentando as dificultades atopadas.